



Nota informativa sobre os títulos válidos para a colexiación no Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación

O Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación é unha corporación de dereito público que ten como finalidade a ordenación e a representación en exclusiva da profesión de Enxeñeiro de Telecomunicación. Este é o seu elemento diferencial, representar a profesionais. Polo tanto, para pertencer ao Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación como colexiado, deberase acreditar dispoñer da titulación académica oficial que en cada momento habilite para o exercicio da profesión de “Enxeñeiro de Telecomunicación”.

Ata o momento actual, no noso campo existía unha coincidencia de termos entre o título académico e o título profesional; pois en ambos casos se denominaba “Enxeñeiro de Telecomunicación”. Con todo, tralo proceso de reordenación das titulacións para a súa adaptación ó espazo europeo de educación superior isto xa non é así. O título académico de “Enxeñeiro de Telecomunicación” irase extinguindo progresivamente, mentres que o título profesional continúa plenamente vixente.

Segundo a normativa vixente os únicos títulos académicos que dan acceso á profesión de “enxeñeiro de telecomunicación” son o título de “Enxeñeiro de Telecomunicación” e o título de “Máster en Enxeñería de Telecomunicación”. É importante indicar que exclusivamente os posuidores destes títulos académicos terán acceso ás atribucións profesionais que lle corresponden á profesión de enxeñeiro de telecomunicación.

En función do gran número de títulos académicos existentes, suxírese que se poida consultar na páxina web da *Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA)* www.aneca.es, a traveso do programa VERIFICA, aquelas Universidades que xa contaron coa verificación positiva de ANECA do título de “Master en Enxeñería de Telecomunicación”, e que polo tanto habilitan para o exercicio da profesión de Enxeñeiro de Telecomunicación. No seguinte [enlace](#) pódense consultar directamente.

O contido deste enlace irase actualizando coas novas Universidades que vaian obtendo a verificación positiva do título de “Master en Enxeñería de Telecomunicación”, polo que se recomenda poder consultalo de forma periódica en función do seu interese.